

PROXECTO HANDCRAFTED

PROXECTO COFINANCIADO POR IGAPE, XUNTA DE GALICIA E FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL DO PROGRAMA OPERATIVO 2014-2020



XUNTA
DE GALICIA



galicia

“Industrias Losal S.L. participa no Programa Proxectos de Investimento Xeradores de Emprego 2016

Operación cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional

Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020

Programa Proxectos de Investimento Xeradores de Emprego 2016

Como apoio ao proceso de desenvolvemento e execución do “PROXECTO HANDCRAFTED”, Industrias Losal S.L., ten axuda concedida polo IGAPE para participar no Programa Proxectos de Investimento Xeradores de Emprego 2016, cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa Operativo FEDER de Galicia 2014-2020: OT3 “Mellorar o crecemento e a competitividade das pymes”.

O obxectivo principal do Programa Proxectos de Investimento Xeradores de Emprego 2016 é o de estimular a posta en marcha de proxecto de inversión empresarial en Galicia, coa finalidade principal de dinamizar a actividade económica na Comunidade Autónoma e potenciar o mantemento e creación de emprego, a través do desenvolvemento e mellora das empresas existentes, así como coa creación e posta en marcha de novas iniciativas empresariais.

O Proxecto HANDCRAFTED é unha aposta por un zapato artesanal, de calidade, feito a medida e adaptado a morfoloxía e as “necesidades especiais” do pé, e o gusto do cliente. Trátase de xuntar tecnoloxía co “saber facer” adquirido nos máis de cen anos de existencia e adicionalmente aproveitar os coñecementos e potencialidades que nos proporcionou o Proxecto PROTGAL que tiña como finalidade o desenvolvemento de calzado adecuado a diferentes patoloxías do pé.



A gama de produto HANDCRAFTED é un zapato artesanal, de gran calidade, feito a medida e adaptado a morfoloxía do pé, e o gusto do cliente. Trátase de aproveitar os coñecementos sobre patoloxías do pé obtidos no Proxecto PROTGAL para ofrecer o cliente un calzado personalizado.

O proceso iniciase cunha medición de cada pé identificando as dimensións e os “problemas” da morfoloxía do pé coa finalidade de conseguir un axuste perfecto do calzado que corrixa os problemas do pé e proporcione un gran confort. O cliente tamén vai poder “configurar” cada par de zapatos HANDCRAFTED e, no caso de persoas con problemas de alerxias cutáneas, elixir entre as peles que non conteñan os produtos que ocasionan os seus problemas alérxicos. Cada par de zapatos HANDCRAFTED é unha peza de artesanía única feita a man polos nosos zapateiros seguindo a experiencia e o “saber facer” adquirido nos máis de cen anos de existencia.

A posta en marcha do proxecto “HANDCRAFTED” respondía a necesidade de Industrias Losal S.L. de acceder a novos mercados, neste caso o calzado personalizado e a venda online, e ao mesmo tempo incrementar a capacidade produtiva da empresa froito da incorporación de nova maquinaria e da ampliación da superficie da planta de fabricación. Os obxectivos marcados inicialmente establecían unha venda aproximada de 12.000 pares da gama HANDCRAFTED nos próximos 10 anos cunha previsión de 500 pares no primeiro ano. Adicionalmente, estimábase un incremento da produción comprendido entre un 14% e un 21% nun prazo de dous anos. A execución do proxecto HANDCRAFTED tivo lugar nos últimos meses do ano 2017 e no 1º trimestre do ano 2018, se xa comezaron a obter os primeiros resultados principalmente no referente a capacidade produtiva. Neste senso, a produción do 1º semestre do ano 2018 estímase que vai medrar por riba do 40% en relación ao mesmo período do ano 2017. No tocante ao calzado da gama HANDCRAFTED, o proxecto atópase na fase inicial de promoción publicitaria e de divulgación das vantaxes do calzado. A pesares de atoparse no comezo do proxecto, xa se levan vendido ó redor de 90 pares da gama HANDCRAFTED. Finalmente significar que a superficie da planta de fabricación se incrementou nun 15%.

A execución do proxecto HANDCRAFTED non tería sido posible sen o apoio financeiro prestado polo IGAPE, en colaboración coa Xunta de Galicia e o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rural, mediante subvención concedida dentro do Programa Proxectos de Investimento Xeradores de Emprego 2016.. A subvención concedida polo IGAPE supuxo unha achega do 23,14% do investimento total. Adicionalmente o IGAPE, xunto coa Xunta de Galicia e o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rural, concedeu a Industrias Losal S.L. un préstamo BEI para financiar o proxecto HANDCRAFTED que supuxo o 49,04 % do total da inversión.



FEDER - FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Una maneira de facer Europa"



XUNTA
DE GALICIA

